

ORDE do 14 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadasco Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022. Consellería do Medio Rural. DOG Nº 184, 27/09/2022

Estas axudas teñen como finalidade

- Mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización, en particular co obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara o mercado, así como a diversificación agrícola
- Reducir as emisións dos gases efecto invernadoiro e de amoníaco procedentes da agricultura.

Condición de beneficiario.

Unicamente poderán acollerse a estas axudas os seguintes beneficiarios

- a) Cooperativas agrarias titulares de explotación agraria inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- b) Cooperativas agrarias con socios titulares de explotacións agrarias inscritos no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Deberán xustificara necesidade e a viabilidade dos investimentos mediante a presentación dun estudo de viabilidade.

Permanecer na actividade durante 5 anos desde o pagamento da axuda.

Gastos subvencionables

a) Gastos que teñen a consideración de gastos subvencionables:

1. **Serán subvencionables** as actuacións relacionadas a continuación:

- a) Reforma ou construción de instalacións que supoñan unha redución nos custos de produción ou un incremento da produtividade
- b) A compra de terreos por un valor inferior ao 10 % do custo subvencionable.

c) Os investimentos inmateriais asociados á realización dos investimentos materiais enumerados, que poden comprender gastos xerais tales como honorarios dos técnicos que elaboren os proxectos de construción ou reforma, licenzas de software e outros permisos.

2. Os gastos xerais dos proxectos non poderán superar o custo subvencionable do investimento, establecéndose un máximo dun 3 % para a redacción do proxecto, dun 3 % para a dirección de obra e dun 3 % para o estudo de viabilidade ou plan empresarial.

3. Non se subvencionarán:

a) Os investimentos indicados no punto 1.a) que non dispoñan da licenza ou permiso administrativo, de ser o caso.

b) A compra de dereitos de produción agrícola, animais e plantas anuais e a súa plantación.c) Investimentos de simple substitución; maquinaria de segunda man.

d) Os custos de conservación e mantemento ou os derivados do funcionamento da explotación.

e) Os montes baixos de ciclo curto.

f) Maquinaria ou investimentos relacionados coa transformación ou coa comercialización.

g) Maquinaria e investimentos de carácter forestal.

h) O IVE e outros impostos.

i) As licenzas e taxas administrativas.

Prazo dentro do que deben realizarse os gastos subvencionables:

desde a terminación do prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de setembro de 2024.

Importe de subvención:

O importe da axuda será do 40 % dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 60 % en función da aplicación dos seguintes criterios:

- 10 % no caso dos investimentos relacionados con operacións en agricultura ecolóxica.
- 15 % en investimentos colectivos, cando o beneficiario é unha entidade procedente de fusión de cooperativas finalizada nos últimos 5 anos
- 10 % para investimentos en zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas, recollidas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013.

- 10 % no caso das operacións subvencionadas no marco das asociacións europeas de innovación (AEI) en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola.

Establécese un investimento **mínimo subvencionable de 100.000 € e un máximo de 5.000.000 €.**

Criterios de valoración:

Criterio	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
1. Número de explotacións agrícolas asociadas	> 750	Solicitud	Registro de explotacións agrarias de Galicia	4 puntos
	De 151 a 750			3 puntos
	De 31 a 150			2 puntos
	De 6 a 30			1 punto
	De 0 a 5			0 puntos
2. Inversións na explotación agrícola titularidade da entidade asociativa		Solicitud	Registro de explotacións agrarias de Galicia	4 puntos
3. Atendendo ao importe neto da cifra de negocio (INCN)	0 € ≤ INCN ≤ 2.000.000 €	Solicitud		1 punto
	2.000.000 € < INCN ≤ 10.000.000 €			2 puntos
	10.000.000 € < INCN < 25.000.000 €			3 puntos
4. Inversión localizada nunha zona de montaña tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014_2020		Solicitud		3 puntos
5. Órgano de goberno cunha porcentaxe de mulleres igual ou superior ao 50 %		Solicitud		2 puntos
6. Inversións complementarias aos procesos produtivos das explotacións		Solicitud		2 puntos
7. Inversións de aforro enerxético (>50 % do investimento elixible)		Solicitud		2 puntos
8. Inversións en tecnoloxías novas e eficaces para reducir as emisións de CO ₂ e NH ₃ .		Solicitud		2 puntos
9. Inversión localizada nunha zona distinta á de montaña con limitacións naturais significativas ou limitacións específicas tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014_2020		Solicitud		1 punto
10. Inversións en proxectos innovadores		Solicitud		1 punto
11. Inversións en proxectos de cooperación		Solicitud	Concesión doutras axudas	1 punto

Para ser admisibles, as solicitudes deberán alcanzar unha puntuación mínima de 6 puntos.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo xeral para a presentación de solicitudes **finalizará o 27 de outubro de 2022**